

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*CORRECCIÓN de erros. Resolución do 5 de agosto de 2016 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2016-2017, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.*

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG número 165, do 1 de setembro de 2016, procede facer a seguinte corrección:

– Na páxina 38775, na letra e) do punto 6 do artigo 20, onde di:

«e) Facturas dos provedores ás entidades colaboradoras, para os efectos de comprobar o gasto efectivo da acción subvencionada, que deben reflectir os seguintes datos e estaren emitidas entre a data de solicitude de axuda e o prazo máximo de execución do proxecto establecido na resolución de convocatoria destas axudas: (...)».

Debe dicir:

«e) Facturas dos provedores ás entidades colaboradoras, para os efectos de comprobar o gasto efectivo da acción subvencionada, que deben reflectir os seguintes datos e estaren emitidas entre a data de solicitude de axuda e o prazo máximo de xustificación do proxecto establecido na resolución de convocatoria destas axudas: (...)».

